



servizos á cidadanía

En FSC-CCOO loitamos contra a LGTBIfobia, hoxe e sempre!

É de vital importancia exixir mecanismos de inserción laboral para as persoas LGTBI, especialmente para as persoas trans.

O 17 de maio de 1990, a Organización Mundial da Saúde eliminou a homosexualidade da listaxe de enfermidades mentais, e este fito histórico para o colectivo LGTBI deu lugar ao Día Internacional da Loita Contra a LGTBIfobia.

Non obstante, tivemos que esperar 29 anos máis para que a transexualidade se descatalogara oficialmente como enfermidade mental, aínda que segue catalogada como trastorno.

Queda un longo camiño aínda para que as persoas trans consigan a igualdade e teñan unha vivencia plena de dereitos sociais, laborais, sanitarios...

No medio laboral, esta situación agrávase: sofren un altísimo índice de paro e situacións de discriminación e acoso laboral. Por iso, para FSC-CCOO é de vital importancia exixir mecanismos de inserción laboral das persoas LGTBI, especialmente para as persoas trans.

O estigma e a violencia contra as persoas LGTBI estase vendo xustificado con certos discursos de odio a este colectivo, alimentados pola ocupación da ultradereita dos espazos institucionais. Por iso, agora e sempre, temos que seguir coa loita contra a LGTBIfobia coa voz ben alta.

Hoxe, 17 de maio, é un día específico para manifestar e denunciar as actitudes de odio e violencia contra o colectivo LGTBI. Pero estas denuncias deben manterse todos os días do ano.

Os estereotipos, os prexuízos e a estigmatización do colectivo golpean de novo os nosos dereitos. No Estado español, os delitos de odio contra

persoas pola súa orientación sexual e identidade e/ou expresión de xénero cóntanse por centos, segundo as Redes Contra o Odio da Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans e Bisexuais.

No mundo, non deixaremos de denunciar as agresións instigadas polo odio á diversidade sexual e de xénero. Estas agresións ocorren tanto no noso ámbito como nos máis de setenta estados onde, segundo o informe da ILGA (federación mundial de 1705 organizacións de 166 países que loitan pola igualdade de dereitos humanos para as persoas LGBTI), se criminaliza a orientación sexual. Segundo o seu último informe, 30 países a castigan con ata oito anos de prisión; 27 países, con penas de entre dez anos de prisión e a cadea perpetua; noutros países, como Irán, Somalia ou Nixeria, pode levar incluso á pena de morte.

Rompamos o silencio, rompámolo coa nosa voz, a linguaxe universal que nos dá aire e a expresión aberta na diversidade das cores e os sentimentos positivos.

Por iso, desde FSC-CCOO temos que manter o compromiso de continuar traballando, non só polo recoñecemento dos dereitos das persoas da comunidade LGTBI no traballo, senón polas transformacións pendentes no senso ético-político que merece unha sociedade incluínte e respectuosa coa diversidade sexual e de xénero e as súas cidadanías, nas cales a nosa organización debe ter un papel activo, xerando espazos de debate e posturas determinantes.

Para iso, cómpre unha lei LGTBI que nos proporcione ferramentas para loitar cor

